

Review

Vigo: Xerais. 2020. 352 pp.
ISBN 978-84-9121-616-2

REGUEIRA, Mario

*Narrativa e
imaxinario nacional
na reconstrución do
campo literario de
posguerra (1936-1986)*

Manuel Forcadela
Universidade de Vigo

Salienta o prologuista do volume, e director da tese correspondente en que se basea a publicación, Arturo Casas, o ‘descrédito de vellas narrativas monolíticas —non infrecuentemente autoritarias— sobre o que Galiza e a súa cultura sexan, ou sobre o que puideron e poden chegar a ser’ (13) e sitúa como centro do relato a producir polo NEIHLG (Núcleo de Estudos para a Innovación da Historia Literaria Galega), no que adscribe o autor do traballo que nos ocupa, ‘o intento de (re)constitución dun campo literario galego con base en determinadas axencias e imaxinarios e en moi concretas escollas de signo ideolóxico, filosófico, estético, identitario, cultural... de acentuada performatividade’ (14).

Certamente o movemento teórico e de prácticas textuais que segue á *Desfeita*, título dunha das novelas de Camilo Gonsar, do galeguismo republicano en 1936 habería que situalo dentro dunha estratexia, por entón moi calculada por parte do movemento nacionalista galego, que proviña da súa experimentación en diversos tramos da historia recente, como era a oposición binaria entre Nacionalismo Político e Nacionalismo Cultural. Desde os tempos do vello Rexionalismo de Murguía e Brañas houbo conciencia da dobre vía da recuperación posible de Galiza como ente nacional: por unha banda, o traballo de índole cultural, baseado na incorporación da lingua galega como lingua de cultura e na recuperación e conservación do noso patrimonio histórico, e non só; e, por outra, o traballo político, sempre no dilema da oposición social e de clase, entre o que poderíamos denominar, para simplificar, nacionalismo de dereitas ou de esquerdas. Xa no século xx, e desde a fundación das Irmandades da Fala, esta polarización seguiu a funcionar, tendo como campo de probas as propias Irmandades, e, desde 1931, no campo político xerado, entre outros, pola Segunda República Española e o Partido Galeguista. O fulgor político de figuras como Lois Porteiro

REGUEIRA, Mario
*Narrativa e imaxinario
nacional na reconstrución do
campo literario de posguerra
(1936-1986)*
Manuel Forcadela

Garea ou culturalista, e non menos político, doutras como Vicente Risco, enténdese polo momento histórico e institucional. E velaí como a estratexia culturalista de Risco ao longo da Ditadura de Primo de Rivera devén o primeiro dos modelos a termos en conta á hora de afrontarmos a *Desfeita*. Ben certo é que á decadencia política de Risco como líder do movemento, a partir da propia ditadura, segue a aparición do personaxe fulcral de Castelao, que acentúa o contraste entre, por unha banda, o seu exilio inevitable e, por outra, o colaboracionismo impresentable do temeroso Risco e outros nos primeiros anos do franquismo.

Como é sabido, o vello Partido Galeguista continúa a súa andaina na clandestinidade franquista, da man de Manuel Gómez Román e Ramón Piñeiro, entre moitos outros, agora de xeito maquillado por medio da Editorial Galaxia. Neste contexto histórico, definido por unha certa inercia derivada da situación editorial inmediatamente anterior, con moi escasas institucións culturais (a RAG, o Instituto Padre Sarmiento, o Patronato Rosalía de Castro, *La Noche* e o *Suplemento del Sábado*, *Litoral* e *Fingoy*), xorde unha primeira actividade cultural e editorial que provén directamente do activismo de preguerra, con Bibliófilos Gallegos, a editorial Monterrey, Edicións do Castro, Editorial Castrelos e a SEPT. Será nestas condicións onde se sitúe o nacemento da Editorial Galaxia, continuidade no interior do vello Partido Galeguista, un partido convertido en editorial, fronte ao partido no exterior, isto é, no exilio e na emigración, partidario sempre dunha acción máis aberta en termos políticos, e por tanto moito máis perigosa, contra o réxime ditatorial e represivo.

Velaí, como se sabe, o punto histórico de pregnancia de relatos como *Retorno a Tagoen Ata*, de Xosé Luís Méndez Ferrín.

As preguntas clave que se formula e tenta contestar Mario Regueira son: en primeiro lugar, en que condicións xorde o proxecto piñeirista e a súa plasmación nun proxecto editorial como Galaxia; cales foron os seus determinantes político-pragmáticos e teórico-filosóficos; a que prácticas textuais e editoriais conduciron; e, en segundo lugar, cales foron as consecuencias de toda índole derivadas desa actitude e dese programa político. Trátase, por tanto, de facermos un ditame histórico e cultural que exima, ou non, de culpabilidade, se a houber, os continuadores do PG no territorio do franquismo. De vermos con detalle cal é a nosa débeda actual cun proxecto que se nos presentou no seu momento ben como o resultado dunha traizón, ben como produto pragmático do posibilismo.

O dilema non é fácil. En primeiro lugar, porque a capacidade represora do fascismo nese momento non tería ningún problema en segar de raíz calquera tentativa de subversión, por mínima que fose, forzando, dun modo ou outro, os restos do PG no interior a unha forma de infrapolítica que fose diluíndo a súa radicalidade inicial segundo pasan os anos, sendo cada vez máis infra e menos política. En segundo lugar, porque a posición culturalista deixa aberto un espazo político que outros virán ocupar cos seus reproches e argumentos, esmigallando definitivamente os restos do Partido, convertidos xa noutra cousa.

Mais non é diso do que nos fala Mario Regueira, por máis que ese sexa un dos aspectos reflexivos básicos que se derivan da lectura do seu libro. Antes ben, trátase de bebermos nas fontes textuais, non sempre directamente explícitas, na medida en que moitas delas veñen moduladas por imaxinarios literarios, no macrotexto que se xera ao longo de varias décadas, desde a constitución da Editorial Galaxia ao mesmo tramo final da ditadura. E de vermos nese macrotexto un conxunto de indicios, illando os

REGUEIRA, Mario
*Narrativa e imaxinario
nacional na reconstrución do
campo literario de posguerra
(1936-1986)*
Manuel Forcadela

seus compoñentes icónicos ou simbólicos. Nese sentido o relato do autor obedece a un propósito de distanciamento obxectivo das diferentes fontes manexadas, de maneira que non aspira a constituír unha perspectiva propia, senón un discurso que brote do amoreamento doutros materiais previos, alicerces para a construción dun nivel superior que nos permitan unha maior comprensión do conxunto. Ben certo é que, en determinados momentos, o discurso aporta novidades interpretativas ou documentais de relevancia. De maneira que o lectorado debe partir do abandono da idea de estarmos diante dun traballo unicamente de compilación de coñecementos.

Na miña humilde opinión, iso, a novidade, acontece nos capítulos centrais do libro. Concretamente os dedicados á concepción ideolóxica dos axentes deste proceso onde se nos fala da base branda do pensamento de Galaxia e da filosofía como programa político da clandestinidade. Certamente que o proxecto do piñeirismo baseouse ‘na impregnación de ideas, antes que no adoutramento directo ou na achega de novas obras para a creación de algo semellante a un canon ideolóxico ou filosófico’ (148). Mais hai por parte do piñeirismo un claro rexeitamento da lectura e análise de *Sempre en Galiza*, de Castelao, publicado en 1944, obra herdeira tanto da perspectiva esencialista, presente, en xeral, en toda a Xeración Nós, como da perspectiva federalista como solución ao problema nacional europeo. Pola contra maniféstase unha aposta clara pola solución monárquica que implicaba rexeitar as alternativas republicanas e o Estatuto de 1936. Ao tempo óptase pola disolución do Partido Galeguista, datada na reunión da Rosaleda de 1957, aínda que operativa desde moito antes, dándose de facto un achegamento aos postulados de Vicente Risco.

E velaí a aparición de tres modelos teóricos de peso que van atribular a imaxinación e o pensamento do pseudofilósofo, eterno estudante que nunca rematou a carreira de filosofía, Ramón Piñeiro: Spengler, Heidegger e Mircea Eliade.

Sabemos da incidencia e coincidencia de certos aspectos da obra de Oswald Spengler na obra de Vicente Risco. A súa concepción cíclica da historia, distinguindo entre cultura e civilización, coincidía dalgunha maneira co Risco que teorizara sobre os hylícos, psíquicos e pneumáticos, os homes e os tempos da materia, a humanidade e a época do talento e, finalmente, a etapa dos poetas e filósofos. Spengler fálanos da cultura, como o estadio inaugural da humanidade en harmonía co medio e apoxeo das relixións, sucedido pola civilización, como resultado da aparición das cidades e a concentración da poboación no novo medio, de onde xurdirá o cesarismo como abolición da democracia e retorno aos vellos valores do sangue e a honra, antes da aparición do imperialismo e o conflito entre os distintos césares, conducente ao regreso á fase inicial por medio da guerra.

Heidegger fala dunha Europa circundada polo conflito entre Rusia e os Estados Unidos. Por unha banda, o exceso de organización do home normal; por outra, a desolada furia da técnica, que conducen ao escurecemento do mundo, a fuxida dos deuses, a destrución da Terra, a masificación do home, a desconfianza en calquera acto creador e libre. Trátase, no fondo, da vella posición do nacional-socialismo, redixida noutros termos, dez anos despois da Segunda Guerra Mundial, contra Rusia e contra Estados Unidos. Aínda que tamén poderíamos encontrar aquí un eco do Risco da *Teoría do Nacionalismo Galego*, no capítulo denominado ‘Teleoloxía do Nacionalismo Galego’, a falar da crise da civilización mediterránea e da civilización americana, e a emerxencia do Atlantismo das sete nacións célticas.

REGUEIRA, Mario
*Narrativa e imaxinario
nacional na reconstrución do
campo literario de posguerra
(1936-1986)*
Manuel Forcadela

Segundo Mario Regueira, parte da lexitimidade do grupo de Galaxia como xestores culturais podería fundamentarse en Heidegger, sendo ben visibles os trazos que deixa o alemán na obra do propio Piñeiro e na de Celestino Fernández de la Vega, por non falarmos da tradución ao galego en 1957 de *A esencia da verdade*, verdadeiro símbolo de época, coa mediación do galego Domingo Carvalho. Ademais, os catro elementos definidores da galegitude, a Saudade, o Sentimento da Paisaxe, o Humorismo e a Imaxinación, mencionados por Piñeiro no prólogo a *As Covas do rei Cintolo*, de Daniel Cortezón, son descritos, na miña opinión acertadamente, como correlatos de conceptos presentes na obra de Heidegger.

E tamén Mircea Eliade, o fascista romeno, emigrado aos Estados Unidos, de obra monumental e definidora de moitos dos camiños da antropoloxía contemporánea, maiormente no ámbito do que denominamos Antropoloxía Idealista. O seu coñecido *O mito do eterno retorno. Arquetipos e repetición* (1949), en moitos aspectos coincidente coa teoría de Spengler, pola súa teoría do tempo circular, establece, tamén, o mito e o arquetipo como resistencia fronte ao terror da Historia.

Interésame especialmente, na medida en que formou parte do meu propio percorrido investigador ao longo das décadas pretéritas, o proceso de influencia que se establece entre Piñeiro e as principais narrativas literarias do seu tempo, Fole, Cunqueiro, a Nova Narrativa Galega. E velaí un artigo de Piñeiro sobre o que xa temos chamado a atención con anterioridade: 'Carta a Álvaro Cunqueiro, trovador galego, falándolle dos males presentes de Europa e do seu remedio, dende a ladeira dun castro lugués', de 1951, texto que, polo que vemos, segue a ser unha fonte de reflexión polos seus contidos e matices.

O capítulo catro daría para unha publicación singular na medida en que está todo el dedicado ás novas narrativas que, por entón, foi consolidando Galaxia, con escritores moi novos que axiña foron consolidándose até convertérense en clásicos: Gonzalo Rodríguez Mourullo, Xohán Casal, Méndez Ferrín, María Xosé Queizán, Camilo Gonsar, Carlos Casares, unidos aos regresados do exilio, Luís Seoane, Eduardo Blanco Amor, Eliseo Alonso e Xosé Neira Vilas. As tensións que pouco e pouco van xurdindo nese grupo (tanto entre si, quer por seren propias da escrita literaria e as infindas opcións creativas, quer por razóns ideolóxicas e políticas, como coa propia xeración de Piñeiro, Fernández del Riego, García Sabell, Fernández de la Vega, na que tamén poderíamos incluír a Cunqueiro e Fole) aparecen contorneadas e darían, como é obvio, para unha obra aínda máis delongada e complexa.

Libro denso e de infindos requintamentos, de escrita gozosa e exposición clara, que haberemos de revisitado en numerosas ocasións nos vindeiros tempos e que cumpre totalmente os seus obxectivos de deitar unha nova ollada e un sopro de aire fresco sobre moitos dos tópicos instituídos da nosa historiografía contemporánea. Obra matriz da que cabe esperar un longo rosario de opúsculos adxacentes que poidan introducir matices ou desenvolver aspectos que só puideron ser apuntados. Indispensable en calquera bibliografía da época e punto de partida para o seu estudo, tanto teórico como práctico por medio de traballos ou achegamentos a obras, etapas, escolas e autores.